

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 19 DE ABRIL DE 2023.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezanove de abril de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión da licenza urbanística para a execución dunha vivenda unifamiliar illada de planta baixa no núcleo rural tradicional de Vilamaior + Cancelas, parroquia de Adai (Santa María Madanela (exp. 2022/Y001/000026).

Tamén se acorda denegar a licenza urbanística para reforma de cuberta, baixocuberta, planta baixa e instalación dun ascensor en vivenda unifamiliar sita en Bosende (Barxelas), número 36, parroquia de San Fiz de Muxa (exp. 2021/Y001/000284).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para construír un edificio na parcela a da Unidade de Actuación CS-8 na praza Aviador Parga Cerezo (exp. 2021/Y001/000144).

2. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a aprobación inicial do "Proyecto de obras ordinarias de acceso a edificación rúa San Isidro Labrador - rúa Túnel de Oural. Lugo". PU-223.

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac6560314311843951749.doc

Asunto: EXTRACTO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19-4-2023

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a única prórroga para a contratación da subministración de luminarias para instalacións de iluminación pública na zona rural do Concello de Lugo, exp. ref: 2021-c004-000036, que vai dende o día 21-05-2023 ata o 20-05-2024.

Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración en réxime de alugueiro para a instalación dun campamento romano e a realización do programa de actividades para a festa do Arde Lucus 2023 na Praza Maior e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2023/C004/000010.

Tamén se acorda a declaración de deserto o contrato de concesión da cafetería mirador no Parque Rosalía de Castro, exp. 2022/C005/000015.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como da adxudicación por procedemento aberto na concesión demanial para o uso privativo para a explotación do servizo de cafetería restaurante no edificio mirador do Parque Rosalía de Castro e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023-C012-000002.

4. FOMENTO.- Acórdase a de aprobación do plan estratéxico de subvencións 2023-2025 do Excmo. Concello de Lugo. anualidade 2023.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación de licenza urbanística para legalización de almacén agrícola na rúa dos Chaos, número 33.

Tamén se acorda a regularización tributaria exp. de denegación de licenza urbanística para a construción de instalacións domésticas de manexo de gando ovino en réxime de semiliberdade en vilachá, parroquia de San Pedro de Labio.

Do mesmo xeito, acórdase a regularización tributaria exp. de denegación de licenza urbanística para legalización dun alpendre para garda de apeiros e leña en

Santoiño, parroquia de Piúgos.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.